

**PLAN**

**DE**

**ACCIÓN TITORIAL**

**CEIP MARQUESA DO PAZO DA MERCÉ**

**CURSO 2020 – 2021**

## **INDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. NECESIDADES**
- 3. FUNCIONES TITORIAIS**
- 4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS**
- 5. DESENVOLVEMENTO DA TITORÍA: ÁREAS, CONTIDOS E ACTUACIÓNS**
- 6. AVALIACIÓN**

## 1. INTRODUCCIÓN

---

A función titorial debe inscribirse plenamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe, xa que:

1. A titoría comporta en si mesma un contorno de aprendizaxe, posto que pretende contribuír a que o alumnado adquira unha serie de contidos que lle permita, en liñas xerais, convivir en sociedade e orientarse nela.
2. A acción titorial, ten como finalidade favorecer unha maior e mellor aprendizaxe no contorno do centro educativo, superando a concepción de titoría de tipo asistencial, que ten como función acoller ó alumnado no seu aspecto persoal, axudándolle a soportar os conflitos, coa finalidade de que o alumnado se sinta a gusto no centro.

Esta concepción da acción titorial susténtase, dentro dunha perspectiva constructivista da aprendizaxe, polos seguintes principios:

1. Considérase que a aprendizaxe é un proceso individual que se dá nun contorno social. Así que o presente PAT recolle cal será a **forma máis axeitada de coñecer a cada alumno/a** para poder prever as accións educativas máis indicadas en cada caso. E tamén reflectirá **como debe estar estruturado o contorno social** (centro, grupo-clase) para favorecer ó máximo a socialización, a atención á diversidade e a aprendizaxe. En canto a esta estrutura indicaranse:
  - Medidas de atención á diversidade.
  - Tipos de agrupamentos do alumnado.
  - Coordinación entre os diversos docentes que interveñen no mesmo grupo de alumnos/as.
2. É preciso coñecer e adaptar as **condicións que favorezan as aprendizaxes significativas**:
  - A estruturación e organización do material.
  - A activación de coñecementos previos.
  - A atribución do senso ó propio feito de aprender por parte do alumnado.
3. Destacaranse **aspectos que garantan estas condicións**:
  - Propostas de actividades de titoría para o profesorado titor que realizará cos seus alumno/as tanto individualmente como a nivel de grupo.
  - Orientacións para impulsar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.

- Acci3ns de intervenci3n de t3cnicas de traballo intelectual que potencien a compresi3n lectora.
- Acci3ns de intervenci3n que favorezan a convivencia e o clima escolar no centro e na aula.

En resumo, a acci3n titorial def3nese como un conxunto de acci3ns educativas que se deseñan e realizan no centro para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integraci3n dos coñecementos e experiencias, a socializaci3n, a toma de decisi3ns e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta raz3n, ent3ndese que o Plan de Acci3n Titorial estar3 intimamente relacionado co desenvolvemento da funci3n docente.

## **2. XUSTIFICACION BASEADA NO CONTEXTO**

Buscando o desenvolvemento integral da persoa, fin primordial da educaci3n, as necesidades que determinan o presente plan son:

<b>NECESIDADES</b>	<b>ACCI3NS QUE SUP3N</b>
Personalizar a educaci3n	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecemento do alumno/a.</li> <li>▪ Esixencia realista sempre con expectativas altas.</li> <li>▪ Adecuaci3n do proceso de ensino-aprendizaxe 3 alumnado.</li> <li>▪ Seguimento.</li> </ul>
Dar respostas 3 singularidade educativa do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Priorizar a prevenci3n:               <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coñecemento da historia persoal, familiar e escolar.</li> <li>✓ Aspectos socio-familiares que favorecen e dificultan o progreso na aprendizaxe.</li> <li>✓ Curr3culo flexible.</li> <li>✓ Intervenci3n temper3.</li> </ul> </li> <li>▪ Para:               <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identificaci3n das necesidades educativas reais.</li> <li>✓ Artellamento das medidas concretas oportunas: curriculares e organizativas de coordinaci3n de recursos.</li> </ul> </li> </ul>
Educaci3n integral	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Panificaci3n coherente:               <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ De obxectivos integrados: cognitivos, afectivos, motrices, de adaptaci3n e desenvolvemento persoal e</li> </ul> </li> </ul>

	<p>social.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ De contidos das tres dimensións necesarias: conceptuais, procedimentais e actitudinais.</li> <li>▪ Interacción axeitada: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Con dinámicas participativas, relacionais e de inserción.</li> <li>✓ Persoal e grupal.</li> </ul> </li> <li>▪ Avaliación educativa.</li> </ul>
Coordinación dos responsables	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordinación do Equipo Directivo.</li> <li>▪ Coordinación dos elementos internos do centro cos recursos externos especializados e coa comunidade en xeral.</li> <li>▪ Busca da mediación en todo caso.</li> </ul>
Coordinación interciclos e etapas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facilitación do ingreso no centro. <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Das familias, presentando: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Normas de funcionamento do centro e vieiros de colaboración.</li> <li>✓ Características e obxectivos do ciclo e etapa correspondente.</li> <li>✓ Características evolutivas dese período.</li> <li>✓ Papel e responsabilidade da familia.</li> </ul> </li> <li>b) Dos alumnos, mediante: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Acollida e integración.</li> <li>✓ Recollida de información inicial relevante.</li> <li>✓ Avaliación da súa situación.</li> </ul> </li> </ol> </li> <li>▪ Mediación no tránsito de ciclo e etapa, con: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Continuidade no estilo educativo e na coherencia das programacións.</li> <li>✓ Toma de decisións sobre a promoción con criterios axeitados.</li> <li>✓ Intercambio de información relevante.</li> <li>✓ Coordinación de feito.</li> </ul> </li> </ul>

### **3. FUNCIONES TITORIAIS**

---

Para conseguir dar satisfacción ás necesidades apuntadas ponse en marcha a acción titorial. Neste centro, a responsabilidade dos axentes educativos implicados en relación co PAT, quedan caracterizadas así:

#### **3.1. FUNCIONES DO TITOR/A**

O titor é o primeiro referente do alumnado e das súas familias no centro. Actuará como principal mediador colexio – familia en ambos os dous sentidos tratando de:

- Desenvolver as actividades previstas no PAT baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
  - Realizar actividades de tutoría co seu grupo de alumno/as.
  - Canalizar as demandas, inquedanzas, problemas e suxestións xurdidas nas sesións titoriais co equipo de profesores.
  - Presidir e coordinar as sesións de avaliación do seu grupo buscando compromisos de mellora.
  - Seguir o proceso de ensino – aprendizaxe do seu alumnado.
  - Establecer unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente).
  - Coñecer a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e ritmo de aprendizaxe de cada quen.
  - Reflexionar sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ó currículo.
  - Analizar as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula.
  - Demandar asesoramento de Departamento de Orientación.
- Colaborar na avaliación do PAT.
- Propoñer as melloras que se deriven do seu desenvolvemento para a mellor adaptación anual do PAT ás características e peculiaridades do grupo de alumnos/as.
- Colaborar na posta en marcha do Plan de Convivencia do centro.

### **3.2. DO EQUIPO DO PROFESORADO**

- Participar activamente nas actividades do PAT, especialmente naquelas que o solicite expresamente o titor.
- Atender as demandas do titor na busca de acción do equipo para tratar os casos que se presenten na súa titoría.
- Na última sesión de avaliación, colaborar, no seu caso, co titor/a na elaboración dos informes de avaliación individualizados.
- Participar na elaboración e execución do Plan de Convivencia do centro.

### **3.3. DO XEFE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- Colaborar coa Xefatura de Estudos nos criterios de coordinación da acción titorial.
- Elaborar o PAT tendo en conta as directrices do PE e as necesidades e intereses manifestados polos titores/as.
- Facilitar os recursos e asesoramento necesarios a cada titor/a e intervir directamente no seu desenvolvemento cando sexa solicitado.
- Facilitar a intervención doutras persoas da comunidade educativa ou alleas, en fases concretas do plan, no seu desenvolvemento cando sexa solicitado.
- Atender as demandas dos distintos membros da comunidade educativa: equipo de profesores, titores, alumado, pais... A tal efecto no horario do orientador habilitaranse as horas semanais para as atencións que se soliciten.
- Realizar o seguimento e avaliación do PAT.
- Participar na constitución do Equipo de Convivencia.
- Colaborar na elaboración do Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar a execución dalgúns programas específicos.

### **3.4. DA XEFATURA DE ESTUDOS**

- Establecer os criterios para coordinar e desenvolver os plan titoriais de cada grupo.
- Coordinar e dirixir a acción titorial coa colaboración do orientador.
- Convocar as reunións periódicas necesarias.
- Velar polo cumprimento da planificación consensuada e dos acordos tomados.

- Establecer a programación máis axeitada ó longo do curso para as horas e lugares de titoría, atención ós pais, reunións informativas con eles, coordinación do titor/a co equipo docente, sesións de avaliación, e todas as necesarias para lograr os obxectivos fixados.
- Participar na constitución do Equipo de Convivencia.
- Colaborar na elaboración do Plan de Convivencia do centro.

#### **4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS**

O sentido que ten a figura do titor/a é a de coordinar a acción titorial e o traballo conxunto de todo equipo de profesores/as. É pois necesario:

- Establecer vías de colaboración cos demais titores/as e co orientador para un desenvolvemento axeitado do PAT.
- Conseguir a colaboración dos pais en relación co traballo persoal dos seus fillos/as.
- Preparar e coordinar as sesións de avaliación para que sexan “educativas”.

Nesta liña, o titor/a debe:

- Promover actividades que favorezan a convivencia, integración e participación do alumnado na vida do centro.
- Dar o mesmo trato a todos os alumnos/as.
- Ofrecer ós alumnos/as tarefas apropiadas ás súas capacidades e posibilidades.
- Facer eloxios baseándose en condutas e rendementos obxectivos.
- Facer sentir ós seus alumnos/as que todos merecen a súa atención e apoio.

**O cadro de titores para o presente curso é:**

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<b>TITORES/AS</b>
4º	Rocío Fernández Álvarez
5º	Bárbara Lamelo González
6º	Jésica Lorenzo Cames



<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	<b>TITORES/AS</b>
1º	Raquel Domínguez Fernández
2º	Mª Isabel Vázquez González
3ºA	Cristina Morais Blanco
3ºB	Mª Dolores Barbeito Lorenzo
4º	Mª Carmen Leirós González
5º	Rebeca Vidal Rebollido
6ºA	José Álvarez Estévez
6ºB	Pilar Calvo Silva

### **Organización e coordinación de tutores/as:**

Os procedementos para a organización e funcionamento das titorías será o seguinte:

- As titorías organizaranse por niveis educativos. Cada nivel constitúe un equipo de tutores/as que traballa uns aspectos comúns e outros específicos. O Departamento de Orientación colaborará no seu traballo. A coordinación exercea a Xefatura de Estudos.
- Un titor de cada nivel actuará de coordinador do nivel respectivo e formará parte do Departamento de Orientación e da CCP.
- Estableceranse reunións de traballo coa orientador e a xefa de estudos, que serán convocadas pola xefatura de estudos, para unificar criterios, recibir o material que precisen para a súa acción titorial e tomar acordos que afecten ó nivel. Dada a complexidade da labor titorial, en calquera momento será posible reaxustar as actividades preparadas para atender á problemática puntual do grupo.

## **5. DESENVOLVEMENTO DA TITORÍA: ÁREAS, CONTIDOS E ACTUACIÓNS**

A titoría desenvolverase nas seguintes áreas de traballo:

- **SER PERSOA:** Ensinar/aprender a ser persoa, a comportase, valorarse, decidirse.
- **CONVIVIR:** Ensinar/aprender a convivir.
- **PENSAR:** Ensinar/aprender a aprender e a pensar.
- **ELEMENTOS TRANSVERSAIS:** Educación moral e cívica, educación para a convivencia, educación para a igualdade de dereitos e oportunidades, educación ambiental, educación para a saúde, educación afectivo – sexual, educación viaria, educación emocional, educación do consumidor e todos aqueles recollidos no artigo 11 do Decreto 105/2014.

Porase especial esforzo en favorecer o interese e motivación para o estudo e a adquisición de hábitos de estudo e técnicas e estratexias de traballo intelectual, implicando ós pais e facendo fincapé desde todas as áreas da súa necesidade e utilidade.

### **5.1. PROGRAMACIÓN TITORÍA EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
Planificar a incorporación dos alumnos/as ó Centro e ó grupo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plan de acollida.</li> <li>▪ Actividades para favorecer que coñezan o centro, as normas de convivencia...</li> <li>▪ Actividades encamiñadas a fomentar o coñecemento e confianza entre os compañeiros/as.</li> </ul>	1ª Quincena
Coñecer as características individuais e persoais de cada alumno/a	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación directa e sistemática dos alumnos</li> <li>▪ Realización de entrevistas cos pais/nais.</li> <li>▪ Analizar realización de tarefas.</li> <li>▪ Avaliar competencias curriculares.</li> </ul>	Primeiro trimestre
Identificación das necesidades específicas de apoio educativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observar sistematicamente ós alumnos/as.</li> <li>▪ Analizar estilos de aprendizaxe e realización de tarefas.</li> </ul>	Todo o curso

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Avaliar competencias curriculares.</li> </ul>	
Detección de inadaptacións ou problemas de relación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar un seguimento da evolución dos alumnos/as.</li> <li>▪ Observar a dinámica escolar.</li> <li>▪ Colaborar co Departamento de Orientación na identificación das NEAE.</li> <li>▪ Avaliación continua.</li> </ul>	Primeiro trimestre
Deseñar situacións de aprendizaxe axeitadas ó nivel madurativo dos alumnos/as	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Planificación de actividades motivadoras.</li> <li>▪ Crear un ambiente que favoreza a actividade exploratoria e a curiosidade.</li> </ul>	Todo o curso
Realizar as adaptacións curriculares pertinentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Secuenciar a adquisición de habilidades intelectuais.</li> <li>▪ Axustar as actividades ás necesidades educativas dos alumnos/as</li> </ul>	Segundo e terceiro trimestre
Desenvolver hábitos de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a valoración de orde e limpeza na realización dos traballos.</li> <li>▪ Distinción dos momentos de ocio dos momentos de traballo.</li> </ul>	Todo o curso
Educación en valores	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividades orientadas a valorar o esforzo.</li> <li>▪ Actividades que favorezan a convivencia.</li> <li>▪ Actividades para fomentar a responsabilidade, a tolerancia e a cooperación.</li> <li>▪ Actividades encamiñadas a respectar o medio ambiente</li> </ul>	Todo o curso
Implicar ós pais/nais no proceso formativo dos seus fillos/as	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Información ós pais/nais dos resultados da avaliación.</li> <li>▪ Reclamar ós pais/nais a colaboración necesaria cando sexa precisa.</li> </ul>	Todo o curso

Establecer unha coordinación entre os titores de EI e de EP.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Convocar as reunións que correspondan.</li> <li>▪ Establecer unha coordinación entre titores de EI e os de primeiro da EP.</li> </ul>	Todo o curso
Seguimento e avaliación dos procesos de aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Seguir os procesos de aprendizaxe dos alumnos/as.</li> <li>▪ Avaliar de forma continua e sistemática para coñecer a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe e establecer as correccións oportunas.</li> <li>▪ Coordinar os reforzos educativos</li> </ul>	Todo o curso

## 5.2. PROGRAMACIÓN TUTORÍA EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Efectuar a acollida e integración dos alumnos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de acollida e para coñecer o centro, mestres e compañeiros/as.</li> </ul>	1ª Quincena
Detectar dificultades de integración	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación sistemática dos alumnos/as.</li> <li>• Realización de sociogramas.</li> <li>• Actividades de dinámica de grupos</li> </ul>	Primeiros meses
Favorecer a integración dos alumnos/as e mellorar a dinámica da aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades para facilitar a comunicación e relación entre os alumnos/as.</li> <li>• Posta en marcha de actividades de traballo cooperativo.</li> <li>• Ensinar e fomentar xogos cooperativos.</li> <li>• Actividades para favorecer a autoestima e a intelixencia emocional</li> </ul>	Todo o curso
Coñecer as características individuais e persoais de cada alumno/a	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación directa e sistemática dos alumnos/as.</li> <li>• Realización de entrevistas cos pais/nais.</li> <li>• Analizar a realización de tarefas.</li> </ul>	Primeiro trimestre

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliar competencias curriculares.</li> </ul>	
Detectar dificultades de aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar unha avaliación inicial, co fin de:             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Detectar dificultades de aprendizaxe.                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que tipos de dificultades.</li> <li>- Que nenos/as as presentan.</li> </ul> </li> <li>2. Detectar niveis de competencia curricular</li> </ol> </li> </ul>	<p>Primeiros meses</p> <p>Último trimestre</p>
Colaborar nas ACS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaborar na identificación das dificultades dos nenos/as.</li> <li>• Participar na determinación de estilos de aprendizaxe e de competencia curricular.</li> <li>• Colaborar na elaboración de ACS.</li> <li>• Participar cos demais profesores, co departamento de orientación e co profesorado de apoio no desenvolvemento das ACS.</li> <li>• Participar no seguimento e avaliación das ACS que se apliquen na súa aula.</li> </ul>	<p>Todo o curso</p>
Educación en valores	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades orientadas a valorar o esforzo.</li> <li>• Actividades e programas que favorezan a convivencia (resolución de conflitos, educación en valores, etc.)</li> <li>• Actividades encamiñadas a respectar ós demais e ó medio ambiente.</li> </ul>	<p>Todo o curso</p>
Implicar ós pais/nais no proceso formativo dos seus fillos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informar ós pais/nais dos resultados da avaliación.</li> <li>• Reclamar ós pais/nais a colaboración necesaria cando sexa precisa.</li> </ul>	<p>Todo o curso</p>

Establecer unha coordinación entre os titores.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convocar as reunións que correspondan.</li> <li>• Establecer unha coordinación entre titores de: EI e 1º de EP; 2º de EP e de 3º de EP; 4º de EP e 5º de EP; 6º de EP e 1º da ESO.</li> </ul>	Terceiro trimestre
Seguimento e avaliación dos procesos de aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguir os procesos de aprendizaxe dos alumnos/as.</li> <li>• Avaliar de forma continua e sistemática para coñecer a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe e establecer as correccións oportunas.</li> <li>• Coordinar os reforzos educativos.</li> </ul>	Todo o curso

## 6. AVALIACIÓN

A avaliación do PAT levarase a cabo a través de:

- Unha **avaliación continua** durante o seu desenvolvemento, de maneira que permita ver os progresos a curto prazo e modificar aspectos puntuais do programa que resulten inadecuados.

Como instrumentos utilizaranse fundamentalmente a observación e as reunións coa Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación, co equipo de titores/as de nivel, con todos os profesores, así como as sesións de avaliación.

- Unha **avaliación final**, ó finalizar o curso, onde se analizarán de forma xeral os logros alcanzados e os aspectos estruturais que será preciso cambiar cara o futuro.

Como instrumentos utilizaranse a observación e as reunións entre os distintos participantes.

A información recollida de todas as fontes será plasmada nun informe de avaliación que o DO incluíra na Memoria do Plan de Orientación.

Os criterios de avaliación serán:

- ✓ Adecuación do plan ós destinatarios.
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ Adecuación da temporalización na que se levou a cabo.

- ✓ Grao de implicación de todos os responsables no desenvolvemento das actividades.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.